

**COMUÑÓN:** CANTO

O SEÑOR É O MEU PASTOR, NADA ME FALTA,  
O SEÑOR É O MEU PASTOR, SEMPRE VAI COMIGO.

1. Ós pastos verdecentes me leva a repousar,  
me leva a refrescar ás augas tranquilas.
2. El guía os meus pasos polos camiños rectos,  
é moito o que me quere, por mor do seu nome.
3. Nas vagoadas sombrías ningún mal vou temer,  
sabéndote ao meu lado sentinme seguro.

**ORACIÓN DO SAN CIDRE**

San Cidre, santiño amigo,  
patrón da xente de aldea,  
ti que soubeches xuntar  
o culto da fe e da terra,  
axúdanos a confiar  
no Deus que cura e libera.

Dános ganas de loitar  
polo futuro da aldea  
vivindo tal coma irmáns,  
xuntos na mesma tarefa  
coa xente toda do mundo  
que no campo loita e reza.

Por Xesucristo, o Señor,  
o Irmán, o Amigo que leva  
as nosas vidas miúdas  
en mans que puxan e apertan.

15 DE MAIO  
DÍA DO MUNDO RURAL  
DÍA DE SAN CIDRE  
“RECREANDO O MUNDO DA ALDEA”

**Guía para a celebración eucarística do día**

*\*\*\*Podiamos decorar algo a igrexa ou local onde vaiamos celebrar o día do mundo da aldea; facelo con elementos da natureza, do traballo rural e dos seus froitos.*

*\*\*\*E tamén podiamos empezar dialogando algo sobre como vemos a vida do campo hoxe. Comentar algo o lema do día: “Recreando o mundo da aldea”, onde o verbo “recrear” ten dous significados: 1., esforzarse por construír en parte de novo o mundo, a realidade da aldea. E 2., darlle divertimento, gozo, festa á xente da aldea, á vida da aldea.*

*\*\*\*Ensaíamos os cantos, distribuímos as tarefas da celebración e empezamos.*

**Introdución:**

Veciñas e veciños: hoxe é un día grande para nós, a xente do rural. É a festa do noso patrón, san Cidre, e queremos festexar. Queremos agradecer todo o que dos nosos maiores temos recibido. Queremos abrir os ollos e o corazón ao novo momento no que se atopa o mundo da aldea. Queremos botar unha man para poñer vida e ilusión nos nosos barrios e parroquias. Sentímonos animados a iso polo noso guía e mestre Xesús de Nazarét. Facendo memoria de Xesús na Eucaristía, atoparemos vigor para esta fermosa tarefa.

**CANTO: Himno do san Cidre**

VIMOS ALEGRES CON MOITA UNIÓN,  
A CELEBRAR O NOSO PATRÓN,  
XUNTOS OLLAMOS CARA AO PORVIR  
QUE DEUS CONNOSCO QUERE CONSTRUÍR.

1.-Aquí chegamos todos, todas con ilusión  
coa nosa vida ás costas, e nelas moita unión.  
Algúns somos máis vellos, outras máis novas son,  
todos somos do campo con orgulloso honor.

2.-Somos irmáns na terra, somos pobo de Deus,  
vida con Deus buscamos na terra e máis no ceo.  
Somos os seguidores de Xesús que morreu  
por defender o humilde: temos o Alento seu.



**Celebración do perdón**

Recoñecemos maneiras de ser, de estar  
na aldea, que non axudan a recrear e a  
recrearnos nela. Acollémonos ao perdón  
de Deus e prometemos cambiar.

Contestamos dicindo xuntas/os:

**QUE O TEU PERDÓN NOS CURE E NOS RENOVE**

- Por desesperarnos ante o debilitamento do campo.
- Por non xuntar corpos e ánimos para mellorar cousas.
- Por botar as culpas sempre aos de fóra, ao goberno.

**Lecturas:** Sant 5, 7-11. A paciencia, a resistencia dálle ás á  
esperanza cristiá sobre o mundo rural.

**Salmo:**

Con todas as criaturas entoemos a canción,  
que día e noite lle cantan á gloria do creador.

**CANTA O SOL, CANTA O MAR,  
CANTO TODO CANTO HAI (2)**

Canta o sol que nos visita desde o mencer ao solpor,  
cantan as tgebras da noite: todo che canta, Señor.

Lc 13, 6-9: tempos de coidar con esperanza de ter froitos.

**Preces:** Deus sempre nos escoita, e sostennos para que  
vaiamos conseguindo con esforzo o mesmo que desexamos.

**R/ CONFÍO EN TI, PAI NOSO, CONTA COMIGO**

--Para que saibamos agradecer e coidar a natureza que nos  
rodea, e convertela en fonte de vida para todo o mundo. Or.

--Para que esteamos sempre en disposición de colaborar na  
comunidade parroquial da que formamos parte. Oremos.

--Para que colaboremos coas asociacións presentes no  
campo, co ánimo de mover cousas para que o campo teña  
vida e acolla a xente nova. Oremos.

--Para que nos deixemos alentar polo Espírito de Xesús, e  
deamos probas do amor de Deus comprometéndonos en todo  
o que trae vida e ánimo á xente. Oremos.

**Ofertorio:** *Podemos presentar froitos e manxares das casa,  
que despois da Misa podemos compartir.*

--Por non lle dar entrada ao Alento de Deus nas nosas vidas.  
--Por non ser contantes no noso afán por ir dando pasos.

CANTO: VELAQUÍ, SEÑOR, O VIÑO ....